

DICCIONARIO ELEMENTAL INGLÉS-GALEGO/GALEGO-INGLÉS

Salgado, Benigno F. *Diccionario elemental inglés-galego/galego-inglés*. 1999. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

O traballo que nos presenta Benigno F. Salgado é o primeiro diccionario bilingüe publicado para o mercado galego que pon en comunicación o galego e o inglés nos dous sentidos posibles –do galego para o inglés e do inglés para o galego– aínda que a un nivel elemental, xa que contén unha selección das voces máis comúns de ámbalas dúas linguas. Trátase dunha obra que xorde cun certo atraso se comparamos coa enorme variedade de materiais existentes para o ensino e a tradución de linguas estranxeiras dende o catalán e o éuscaro.

A obra consta de dous dicionarios bilingües complementarios, precedidos por unha moi completa introducción na que o autor fai unha serie de observacións sobre o público a quen vai dirixido o diccionario, a organización interna das entradas e o sistema de transcripción fonética empregado na parte inglés-galego. Logo da introducción preséntasenos unha concisa guía práctica para a consulta do volume, a lista de abreviaturas empregadas ó longo da obra e unha táboa coas equivalencias fonéticas entre o inglés británico e o galego. Así mesmo, entre os dous dicionarios complementarios inclúese un apéndice para as dúas linguas con diversas listas de vocabulario estruturado en campos temáticos: os números, as datas, as horas, os nomes de home e de muller, os xentilicios, etc.

Cada unha das dúas partes do diccionario abrangue unhas seis mil entradas; a metade son entradas principais, mentres que a outra metade resultan ser entradas secundarias: palabras compostas, locucións, construcións sintácticas, modismos e frases con exemplos de uso común. Este último aspecto lexicográfico da obra está, polo tanto, ben atendido, o que non sempre ocorre nos dicionarios bilingües elementais existentes no mercado para o galego e o castelán. Moitas veces o que atopamos nese tipo de obras son meros glosarios nos que para unha voz en galego se nos ofrece unha lista de sinónimos en castelán e pouco máis.

Atopámonos diante dun diccionario pensado para un nivel elemental de competencia nunha ou nas dúas linguas, polo que semella sorprendente ler

no limiar que o volume vai dirixido non só a estudantes de primaria, senón tamén ós de secundaria. Mais abonda con follear uns cantos dicionarios bilingües especialmente preparados para estudantes da ESO e bacharelato (inglés-castelán; inglés-catalán) para advertir que os estudantes de secundaria precisan unha obra máis completa cá que presentamos aquí.

A diferenza do que ocorre coa meirande parte dos dicionarios (bilingües) presentes no mercado, o autor recoñece as débedas da súa obra con respecto a unha serie de dicionarios monolingües elementais de inglés e galego. Neste sentido, hai que apuntar como elemento positivo que o autor evitase o recurso ben doado de seguir mimeticamente o modelo doutros dicionarios bilingües dispoñibles (inglés-portugués, inglés-castelán, etc). Na parte inglesa o autor manexou fundamentalmente cinco dicionarios monolingües ingleses de carácter escolar, mentres que a parte galega é debedora do primeiro dicionario monolingüe redactado integramente en galego, o *Diccionario básico da lingua galega* (Vigo, Xerais), se ben co fin de igualalo número de entradas da parte inglesa botouse man dos vocabularios elementais do español e o portugués publicados pola editora Ernst Klefft. Mais con todo, aínda que semella acertada a idea de dispoñer-las entradas das dúas linguas fronte a fronte, atopamos que á hora de face-la escolla das distintas voces nalgúns casos o resultado final non sempre foi o máis axeitado, por distintas razóns.

Por unha banda, semella moi difícil definir cales poden se-las seis mil entradas máis representativas que se han incluír nun dicionario destas características. Ademais de facer unha escolma seguindo outros dicionarios (algo moi común neste tipo de obras) sería interesante compilar un corpus representativo dos distintos xéneros textuais das dúas linguas, tanto da fala coma da escrita e, a partir dese corpus, extraer un índice de frecuencias dos distintos elementos léxicos, que se empregaría para decidir cales das entradas haberían de ser incluídas no dicionario. Deste xeito evitaríase incluír na parte inglesa dun dicionario tan elemental coma este elementos verbais que xulgamos de escaso rendemento (*to whip, to weed, to weep, to wag, to wade*) fronte a outros máis productivos que o autor desbotou (*to realize, to clear, to hand, to settle (down), to suppose, to solve, to crush*). Outra proba do idiosincrático dalgunhas escollas podémola apreciar na inclusión de substantivos e adxectivos como *kayak* (“kaiak”, “canoa”), *webbed* (“palmeado”, “dotado de palmas”), *wand* (“variña máxica”), *winsome* (“agradable”, “simpático”), *tusk* (“cabeiro”), etc., mentres que botamos en falta voces coma *flu* ou *influenza* (“gripe”), *priest* (“sacerdote”), *naked* (“nu”, “espido”), *source* (“orixe”), *sauce* ou *gravy* (“salsa”, “prebe”), *amusing* (“divertido”), etc.

Por outra banda, cómpre sinalar que as dúas partes do presente dicionario non son totalmente reversibles. Se unha entrada ou un significado son valiosos nunha parte do dicionario, tamén o deberían ser na outra. É certo que ás veces un termo na lingua de chegada non é tan frecuente ou importante como o seu equivalente na lingua de orixe, e así no presente dicionario

só atoparemos na parte galega algunhas entradas correspondentes a elementos materiais ou culturais autóctonos: *toxos, lareira, ferrado, señardade, morriña*, etc. Agora ben, non se entenden os motivos que levaron a incluír termos como *morno, moto* ou *calcetín* na parte galega, mais non os seus equivalentes “lukewarm”, “motorbike” ou “sock” na parte inglesa do dicionario. E ó contrario, atoparemos termos como *lettuce, broom, to swallow, to trick*, mais non os seus equivalentes en galego. E como estes atoparemos moitos máis exemplos.

Nalgunhas, ben poucas, ocasións dá a impresión de que se escolleu o termo máis infrecuente para se referir a unha certa realidade e se rexeitou o máis común. E así, atoparemos na parte inglesa *to salute*, fronte ó máis común “to greet”, *to thaw* fronte a “to defrost” e “to rid” en vez de “to get rid of”.

Se observámo-lo tipo de elementos léxicos presentes nas listas de entradas, veremos que se inclúen tódolos que cabería agardar nun dicionario pensado para os que se inician no inglés (ou no galego): contraccións (*I'd*); letras (*A, a*); formas abreviadas de palabras (*TV*); compostos de distinto tipo (*apple pie, playhouse*); expresións idiomáticas elementais (*to be about to + inf.*) e multitude de exemplos de uso; verbos (regulares, irregulares), substantivos (número) e adxectivos (comparativos, superlativos) de morfoloxía non regular como entradas á parte. Tamén se fai uso dalgunhas etiquetas de nivel ou estilo: *arc.*, arcaico; *col.*, coloquial; *cult.*, cultismo; *dial.*, dialectal; *pop.*, popular, etc. Así mesmo, están ben atendidas as chamadas ás restriccións xeográficas das entradas: na parte de galego con respecto á normativa, e con respecto á variedade de inglés británico no caso do inglés. Polo que respecta ós casos de homonimia, están todos eles tratados de forma axeitada, mediante un índice numérico que separa uns lemas doutros. Por outra banda, dado o nivel de lingua ó que vai dirixida a obra, é comprensible que entre os elementos léxicos que non conteñen cunha entrada á parte destaquen os acrónimos e, na meirande parte dos casos, os nomes femininos de profesións. Unha lista moi completa cos nomes persoais, os países, os xentilicios e mailas abreviaturas máis comúns en inglés pódese atopar no apéndice.

Canto á disposición dos artigos e as súas versións na lingua de chegada, cómpre sinalar que os artigos de cada unha das dúas partes están organizados de xeito semellante, con dúas excepcións que se mencionarán máis adiante. Cada artigo contén os seguintes tipos de información: a) identificación sincrónica: lema, transcripción fonolóxica (só na parte inglesa), formas flexionais (verbos irregulares, comparativos irregulares, etc.); b) identificación diacrónica: índice de homonimia; c) tradución na lingua de chegada, d) información diastémica: etiquetas de rexistro e de uso diatópico; e) información gramatical: categoría gramatical do lema e do equivalente léxico; f) información semántica: etiqueta de campo semántico, indicación semántica (só no galego-inglés), separación de sentido; g) información sintagmática: entrada secundaria (exemplos de uso e construcións sintácticas), tradución da entrada secundaria.

En xeral, esta organización das entradas, tan completa e detallada, mantense de xeito coherente ó longo da obra. As etiquetas de campo semántico

son fundamentais nun dicionario destas características, no que a falta de espacio fai que non sempre o equivalente ou equivalentes na lingua de chegada poidan aparecer nun contexto preciso e claro. En liñas xerais, apréciase que se manexou con tino o emprego deste tipo de etiquetas para se referir a termos culinarios, meteorolóxicos, xeográficos, anatómicos, etc. Agora ben, no que atinxe ás indicacións semánticas (o contexto lingüístico de uso), que tamén veñen sinaladas entre parénteses no dicionario, só se inclúen na parte galego-inglés. Así, na parte galega, para o verbo *gañar* ou *ganar* ofrécenseos equivalentes como “to earn (*salario*)”; “to win (*partido, premio, competición*)”; “to gain (*vantaxe*)”, etc. Sen embargo, se buscamos estes verbos por separado na parte inglesa, atoparémolos equivalentes “gañar” ou “ganar”, mais non unhas indicacións claras do contexto no que se utilizan. Só no caso dalgúns verbos que amosan unha grande flexibilidade de uso, como *to set*, *to lay* ou *to put*, atoparemos indicacións semánticas redactadas en galego, cando o que cabería agardar, nun dicionario bidireccional, é que aparecesen na lingua de orixe. Estamos, polo tanto, diante dun dicionario eminentemente monodireccional, compilado para ser empregado principalmente por falantes nativos de galego, o que semella evidente se ademais temos en conta que só na parte inglés-galego se incluíu a transcripción fonética das entradas. Poderíanse tamén destacar unha pequena cantidade de erros ortográficos na parte inglés-galego do dicionario (*bred* por *bread*, *hasband* por *husband*, *layn* por *lain*, etc.).

Malia as carencias detectadas e algúns dos erros aquí apuntados, cómpre dálle-la benvinda a este esforzo editorial por facer que contemos cun primeiro dicionario bilingüe elemental para o galego e mailo inglés. Hai que agardar que detrás desta obra veñan outras que nos poidan axudar a cubri-las carencias existentes en Galicia de materiais pedagóxicos relacionados coa tradución e co ensino de linguas estranxeiras que empreguen o galego como lingua vehicular ou de referencia. Un dous xeitos de normalizar e dignifica-lo uso dunha lingua coma o galego é mediante a tradución de todo tipo de textos dende e cara á nosa lingua. Para alcanzar este obxectivo os estudantes de tradución e os tradutores profesionais han de contar cuns dicionarios bilingües axeitados ó seu labor, sen ter que botar man, como moitas veces ocorre, de ferramentas lexicográficas apropiadas para outras linguas. No eido da tradución da linguaxe especializada faise necesario dispoñer de glosarios terminolóxicos axeitados ós distintos campos do saber científico e técnico. Para o ensino e a práctica da tradución aínda precisamos de gramáticas contrastivas das dúas linguas, así como de glosarios bilingües que inclúan falsos amigos e expresións idiomáticas. Por outra banda, nun contexto de lingua normalizada tamén serían precisos materiais didácticos que, dende a lingua e cultura galegas, nos servisen para aprender linguas estranxeiras coma o inglés. Sería outro xeito de que os estudantes aprendesen, ademais dunha lingua estranxeira, o galego.

José Ramón Varela Pérez
Universitat Pompeu Fabra. Barcelona